



## Concello de Crecente

### BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL

#### PLAN +PROVINCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

#### LIÑA 3. EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVICIOS MUNICIPAIS

#### Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables no procedemento selectivo para a contratación, con carácter temporal, de 7 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego dentro do *Plan + Provincia .Liña 3.- ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024*, publicadas no BOPPO número 2 do mércores, 3 de xaneiro de 2024

#### Segunda.- Características da relación laboral

O persoal finalmente seleccionado formalizará contrato de traballo de duración determinada por obra ou servizo determinado, sendo as ocupacións que se van contratar, o tipo de xornada, a duración e as retribucións as que segue:

Nº TRAB.	OCUPACIÓN - CATEGORÍA	DURACIÓN	TIPO XORNADA	GRUPO
1	Chofer camión en xeral	9M	Completa. 7,5 horas	7
1	Chófer maquinaria	9M	Completa. 7,5 horas	7
1	Auxiliar administrativo/a	9M	Parcial. 4 horas	7
3	Peóns obras públicas	9M	Completa: 7.5 horas	10
1	Limpador/a	9M	Completa. 7,5 horas	10

1 condutor/a de camión xeral, 1 condutor/a de maquinaria pesada, 3 peóns de obras públicas e 1 limpador/a a xornada completa durante 9 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses

De conformidade coa subvención lévase a cabo a contratación de persoas desempregadas para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, tendo en conta os seguintes requisitos: Son prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa, favorecen na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar, son prestados ou executados no ámbito municipal, respondan a necesidades de persoal urxentes e inaprazables; é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia e esas necesidades lles afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas





## Concello de Crecente

circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza; tamén as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e dentro do eido competencial propio das categorías para as que se realiza a contratación.

A contía das retribucións e cotas de seguridade social serán imputables ás partidas 241.131 e 241.160.00.

### Terceira.- Requisitos das persoas participantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes **requisitos**:

**I) Requisitos xerais:** Serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a) Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Para as persoas nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadá membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Estes requisitos deberán ser acreditados debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases para a presentación de documentación.

### II) Requisitos específicos: Perfil Profesional requirido:

- a) De acordo co establecido nas bases reguladoras do **PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, publicadas no BOPPO número 1 do 2 de xaneiro de 2025** ditas axudas destinaranse á **contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia** como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego.
- b) **Todas as categorías** deberán estar en posesión da Titulación mínima de certificado de estudos primarios, ou equivalente.
- c) Requisitos segundo categoría:
  - a. **Condutores camión:** carné de conducir tipo C- Requírese experiencia. Mínimo 12 meses
  - b. **Chófer de maquinaria:** carné de conducir tipo C- Requírese experiencia. Mínimo 12 meses





## Concello de Crecente

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido e incorporado no momento de presentar a oferta xenérica de emprego no Servizo Público de Emprego.

### **Cuarta.- Procedemento de selección:**

#### **a) Preselección de persoas candidatas mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:**

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas aspirantes a ser contratadas, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado I) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso

Os/as candidatos/as poderán recoller no Concello as bases do proceso de selección, que tamén estarán expostas ao público na taboleiro de anuncios no seguinte aderezo <http://www.crecente.gal/>

#### **b) Sistema de selección de persoas candidatas:**

Unha vez remitida ao Concello, por parte da Oficina Pública de Emprego, a relación de candidatas preseleccionadas para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, ao abeiro do referido do *Plan + Provincia*, a Comisión de Selección, constituída ao efecto, nos termos do previsto nestas bases, procederá á selección definitiva das mesmas, co obxecto de elixir ao persoal que deba ser obxecto de incorporación.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polas diferentes candidatas, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade das aspirantes remitidas polo Servizo Público de Emprego para o axeitado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os seguintes méritos, cuxa documentación acreditativa dos mesmos deberá remitirse ao Rexistro Xeral do Concello de Crecente, no prazo máximo de 5 días hábiles dende o día seguinte á data determinada na comunicación da preselección formulada pola oficina de Emprego.

Dende o momento que se reciba a notificación de preselección pola Oficina de Emprego poderase proceder a formalizar a solicitude, aportando a documentación esixida no Rexistro Xeral do Concello de Crecente, sendo o prazo final de presentación 5 días despois da data determinada na comunicación referida.

Unha vez presentada a documentación reunirse a comisión de selección para a valoración dos méritos. A estes efectos se indica que tódolos documentos e informes que se presenten coma xustificantes deberán ser orixinais ou fotocopia cotexada.





## Concello de Crecente

### 1.- Situación persoal e familiar: Máximo 9,70 puntos.

- a) Persoas en desemprego de longa duración.- 2.00 puntos
- b) Mulleres con baixa cualificación.- 1.90 puntos
- c) Ser candidata maior de 45 anos: 1,80 puntos
- d) Persoas mozas, (Menores de 30) especialmente con baixa cualificación.- 1.80 puntos
- e) Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.- 1.75 puntos
- f) Pertencer ao colectivo de vítimas de violencia de xénero: 1,70 puntos  
Xustificaranse coa Sentencia do Xulgado
- g) Ser candidato que forma unha familia monoparental con fillo/a ao seu cargo : 1,60 puntos
- h) Situación económica familiar : Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa (máximo 1,50 puntos)

Supón unha avaliación dos ingresos de unidade familiar, tendo en conta a renda per cápita:

RENDA PER CÁPITA	PUNTUACIÓN
Rendas per cápita inferiores ao 10% do IPREM	1,50
Rendas per cápita entre o 24% e o 10% do IPREM	1,40
Rendas per cápita entre o 49% e o 25% do IPREM	1,15
Rendas per cápita entre o 74% e o 50% do IPREM	0,90
Rendas per cápita entre o 100% e o 75% do IPREM	0,65
Rendas per cápita superiores ao 100% do IPREM	0

Para acreditar debe achegar **xurada modelo do que se**

este apartado **declaración segundo o anexo II** á acompañará

copia do libro de familia, volante de convivencia expedido polo concello e calquera outra documentación que acredite a situación económica familiar.

### 2.-Méritos profesionais: Máximo 0,30 puntos.

- a) Por cada mes traballado ao servizo da Administración Pública, en funcións relacionadas co posto a desenvolver : 0,02 puntos por mes traballado.
- b) Por cada mes traballado en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,01 puntos por mes traballado.

Para a determinación do número de meses acreditados polas persoas interesadas calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final deste. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado Polo tanto, todos os





## Concello de Crecente

meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración.

A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.

**A experiencia acreditarase mediante certificado de vida laboral e contratos de traballo.**

**Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, no prazo establecido nas presentes bases, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.**

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Se se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

### **Quinta.-Resolución de empates**

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior número de puntos seguindo a orde dos criterios a puntuar nas presentes bases (situación persoal e familiar (víctimas de violencia de xénero, candidato maior de 45 anos, discapacidade, familia monoparental con fillo a cargo, situación económica familiar, responsabilidades familiares), e méritos profesionais.

### **Sexta .- Comisión de Selección:**

A Comisión seleccionadora será designada por Decreto da Alcaldía.

Todos os vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

A Comisión resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que se poidan producir na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan producir na súa aplicación, así como as que se susciten durante o desenvolvemento do proceso selectivo, podendo adoptar as medidas necesarias para a súa axeitada materialización.

De cada sesión a secretaria da Comisión levantará acta que asinarán todos os membros da mesma, podendo facer constar as discrepancias ou distintas posturas manifestadas, así como calquera outra circunstancia que consideren relevante.

### **Sétima.- Proposta de selección:**

Valorados tódolos méritos alegados polas persoas aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o/a Presidente da Comisión formulará a correspondente proposta de contratación a favor das persoas candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Alcaldía, e sen superar, en ningún caso, o





## Concello de Crecente

número de postos convocados.

A Comisión configurará, igualmente, unha lista cas restantes aspirantes non seleccionadas, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederáse ao chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningunha das súas integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederáse a iniciar un novo proceso selectivo

### **Oitava.- Resolución e contratación:**

Á vista da proposta do/a Presidente da Comisión, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación das candidatas seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable e procederáse a asinar coas aspirantes seleccionadas o corresponde contrato laboral de interese social, en base aos artigos 12 e 15 do Texto Refundido Estatuto dos Traballadores, regulados por Real Decreto Lexislativo 2/2015. de 23 de outubro.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

### **Novena.- Réxime Xurídico:**

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución de axuda e Bases da Deputación do *Plan + Provincia 2025: Emprego para Conservación e funcionamento de Bens e Servizos Municipais* (publicado no BOPPO o 27 de novembro do 2021), rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia Real Decreto Lexislativo 5/2015 e a Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia ,pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, e demais disposicións concordantes, como se terá en conta o disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, na súa disposición transitoria cuarta, que establece que " ... Os contratos para obra e servizo determinado e os contratos eventuais por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas e exceso de pedidos, celebrados dende o 31 de decembro de 2.021 ata o 30 de marzo de 2.022, rexiránse pola normativa legal e convencional vixente na data nos que se concertaron e a súa duración non poderá ser superior a seis meses..."

### **Décima.- Incidencias:**

A Comisión de Selección queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en





## Concello de Crecente

todo o non previsto nestas bases.

### Décima Primeira.- Impugnación:

Os/as interesados/as poderán impugnalas presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

**ANEXO I**

### MODELO DE SOLICITUDE

PLAN CONCELLOS 2024  
LIÑA 3. EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS  
MUNICIPAIS.

#### Datos personais

Nome e apelidos	DNI
Domicilio	





## Concello de Crecente

<b>Teléfono</b>	<b>Email</b>
-----------------	--------------

### EXPÓN

Que desexa participar no concurso convocado, mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo modalidade de contrato de duración determinada por interese xeral ou social, para a provisión do posto de traballo de:

A miña inclusión na categoría e/ou categorías que a continuación se relacionan (marcar tantas como proceda)

- En situación de desemprego de longa duración
- Muller con baixa cualificación
- Maior de 45 anos
- Persoa moza, especialmente con baixa cualificación
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
- Vítima de violencia de xénero
- Persoas candidata que forme unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo

### SOLICITA

**Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo (Documentación que achega (orixinal ou fotocopia compulsado):**

A persoa abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos tódolos datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria e praza solicitada, así como que acepta na súa integridade o contido das bases que fundamentan esta selección

En Crecente a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

(Asinado polo/a interesado/a)

### ANEXO II

### Modelo de declaración xurada

D./Dña....., con DNI  
.....,e domicilio en  
....., declaro  
que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas,







## Concello de Crecente

---

que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do personal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos neste expediente de contratación, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en Crecente,.....de .....de 2024.

**(Asinado polo/a interesado/a)**





## Concello de Crecente

**ANEXO III**

### Modelo de situación económica familiar

D./Dña ..... , con DNI ..... ,e ..... domicilio en ..... , declaro que os ingresos da unidade familiar (xustificada coa fotocopia do libro de familia), son os seguintes :

Que estes ingresos proceden de:

E para que conste e produza os efectos oportunos neste expediente de contratación , asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en Crecente, .....de .....de 2024.

**(Asinado polo/a interesado/a)**





## Concello de Crecente

### ANEXO IV

#### Modelo de declaración jurada de responsabilidades familiares

D./Dña ..... , con DNI ..... ,e ..... domicilio en ..... , declaro que na unidade familiar xustificada coa fotocopia do libro de familia, os únicos membros a cargo , que compoñen a unidade familiar, e que non perciben ningunha clase de retribución ou prestación son os seguintes :

E para que conste e produza os efectos oportunos neste expediente de contratación , asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en Crecente, .....de .....de 2024.

(Asinado polo/a interesado/a)

